



ACTA DO XURADO DO V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL “XOVE, A SÚA COSTA E O SEU MAR”

En Xove, a 2 de outubro de dous mil dezaioito, sendo as 13:30 horas, reúnese no despacho do Técnico Municipal de Cultura o Xurado do V Concurso de Fotografía Medioambiental “*Xove, a súa costa e o seu mar*” organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Xove, Xurado formado pola fotógrafo xovense D^o Rubén Pico Rey do Colectivo de Fotógrafos de Xove e polo pintor D^o Xoan Guerreiro Vázquez, actuando como Secretario o Técnico Municipal de Cultura e Comunicación do Concello D^o Mario Eijo Barro.

Procedemento de avaliación:

Antes de comezar a avaliación das distintas fotografías presentadas, o Secretario procedeu a numerar polo exterior os sobres presentados, realizando unha correlación en orde ao seu rexistro de entrada no Concello. De seguido, o Secretario foi abrindo os sobres, un por un, comezando polo n^o 1 e seguindo a correlación anterior. A continuación, os membros do xurado foron visionando e avaliando as fotografías dos traballos presentados na orde citada. Unha vez que o xurado tivo decidido cales foron as fotografías merecedoras dos premios convocados, por parte do Secretario, e tendo en conta as “fichas de autoría”, procedeuse a porlle nome aos autores/as das fotografías premiadas.

Rematado o proceso de avaliación, o Xurado acorda conceder os seguintes premios:

Categoría adultos (18 anos ou máis):

Primeiro premio de 100 Euros: D^a DARÍA BAKTEEVA coa obra “SEÑORA ROCHA MIRANDO ASOMBRADA”, Concursante n^o 6 – Rexistro 14-09-2018, 12:34 H.

Segundo premio de 75 Euros: GERMÁN PALEO NAVARRO coa obra “PLAYA DE MUIÑELOS”. Concursante n^o 2 – Rexistro 06-09-2018, 13:09 H.



CONCELLO DE XOVE

Camiño Real, s/n. - C.P. 27870 Tfno.: 982 59 20 01 Fax: 982 59 21 54 C.I.F.: P - 2702500 - F R.E.L. 01270253 email: xove@fegamp.es

Terceiro premio de 50 €uros: CAROLINA MOREIRA SÁNCHEZ coa obra “RIBEIRA DE MORÁS” . Concursante nº 7 – Rexistro 14-09-2018, 12:34 H.

Categoría xuvenil (menores de 18 anos):

Primeiro premio de 100 €uros: Deserto.
Segundo premio de 75 €uros: Deserto.
Terceiro premio de 50 €: Deserto.

E para que conste aos efectos oportunos, unha vez rematado o traballo de selección dos premios, asinamos a presente Acta en Xove, sendo as 15:00 horas do dous de outubro de dous mil dezaoto.

Dº Rubén Pico Rey

Dº Xoan Guerreiro Vázquez

Dº Mario Eijo Barro,
Secretario do Xurado